



ACTA DEFINITIVA PARA A CONFECCIÓN DA LISTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS ADMINISTRATIVOS PARA CUBRIR PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL INTEGRADOS NO GRUPO C, SUBGRUPO C1;



Na Casa do Concello de Pontareas, 16 de agosto de 2017, sendo as 11,00 horas, baixo a presidencia de dona BÁRBARA VEIGA VIDAL reúnese o tribunal do proceso selectivo para a CONFECCIÓN DA LISTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS ADMINISTRATIVOS PARA CUBRIR PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACION XERAL INTEGRADOS NO GRUPO C, SUBGRUPO C1, formado polos señores: Dona RAMONA GIRÁLDEZ CARBALLO, don JOSÉ MANUEL NÚÑEZ TRONCOSO (Vogais), dona MARÍA DOLORES GONZÁLEZ CASÁS, actuando como Secretario, con voz e voto, o funcionario D. JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO.



Unha vez reunido o Tribunal, procede en primeiro lugar a examinar a alegación presentada polo candidato D. Marcos Alonso Barcia, na que solicita que se dea por non entregada a proba de informática e procedemento a unha candidata por supostas axudas do asesor informático.

Este Tribunal, por unanimidade dos seus membros, resolve desestimar a solicitude do Sr. Alonso Barcia, toda vez que considera infundados os argumentos expostos, xa que en ningún caso o persoal colaborador do Tribunal excedéuse nas súas funcións.

Seguidamente o tribunal procede a comprobar se os opositores que superaron todas as probas presentaron no Rexistro do Concello, no prazo establecido, copia compulsada do título de CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do nivel de coñecemento da Lingua Galega (DOGA nº 146, do 30 de xullo).

Comprobado polo Tribunal que todos os aspirantes acreditaron documentalmente que posúen o CELGA 4, fáise a puntuación total, sumando a cada aspirante 2 puntos, segundo as bases do proceso.

Polo tanto, e tendo e conta as puntuacións obtidas polos candidatos en todas as probas do proceso selectivo, a valoración final é o seguinte:

GONZÁLEZ RODRIGUEZ MARIA EMILIA.....	18,35 PUNTOS
RODRIGUEZ IGLESIAS SILVIA MARIA.....	17,77 PUNTOS
BARCIELA FIGUEROA BEATRIZ.....	16,79 PUNTOS
TRABAZO GONZALEZ SERGIO.....	16,47 PUNTOS
PEQUEÑO RIOBÓ ANA MARIA.....	16,30 PUNTOS
TABOAS VAZQUEZ ESTER.....	15,65 PUNTOS

ALVAREZ ESPAÑOL MARÍA JESÚS.....	15,54 PUNTOS
CARBALLIDO MARTINEZ YOLANDA.....	15,39 PUNTOS
OTERO NEIRA MARÍA JOSÉ.....	15,35 PUNTOS
VAZQUEZ BARBOSA SUSANA.....	15,35 PUNTOS
ALONSO BARCIA MARCOS.....	15,31 PUNTOS
PEREZ LORENZO NOA.....	15,17 PUNTOS
SANTIAGO RODRIGUEZ ROMINA MARIA.....	14,60 PUNTOS
RODRIGUEZ CRUZ KARIMA.....	14,54 PUNTOS

O Tribunal PROPÓN que se eleve esta puntuación definitiva ao Sr. Alcalde, de acordo coas bases.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 12,15 horas pola Presidenta levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,

RECURSOS:

Contra a presente acta que contén a lista definitiva de puntuacións, poderase interpoñer recurso de Alzada ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, a partir do día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asdo. JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO

Asdo/BÁRBARA VEIGA VIDAL

Asdo/.RAMONA GIRÁLDEZ CARBALLO

Asdo./JOSE M. NUÑEZ TRONCOSO

Asdo./Mª DOLORES MIGUÉLEZ CASÁS